

PSEUDÓNIMO: NCHAMA

CONTA O MEU PAI

Conta o meu pai, que a luz chegou ó pobo alá polos anos 60.

Tiña el uns oito ou nove anos e volvía para casa xa tarde cun pao longo na man, oito ou nove vacas tras del, e o cadelo pechando esta santa peregrinación na procura da cea. Todos ían cansos pero ledos. O can, as vacas e o rapaz. Un bolo de millo con leite esperábao ó chegar a casa, e iso era ¡moita marabilla! Aínda se lle poñen hoxe muxicas nos ollos o meu pai ó pensar non bolo de millo e leite.

O Segundo, segundo fillo dous seus pais, cos seus poucos aniños aínda enriba, ía dando saltiños entre os charcos de auga e o barro do camiño, cando viu latexar luces febles na aldea. Estrañado e encantado, respirando xa desde alí o marmulo e o cheiro da inesperada festa, comezou a camiñar mais axiña para ver se así tamén as vacas apuraban.

Nunca o camiño se lle fixo tan longo. Cando xa se distinguían as casas de pedra e a noite era mais pecha, dúas bombas resoaron nas leiras, nos soutos e non ceo de Vidás. A cousa era seria. Festas non eran, o Magosto xa pasara, e dúas bombas non se votan así como así non pobo. ¿Que carallo pasará? Pensaba O Segundo, cos seus oito ou nove anos enriba.

Chegando xa a altura das primeiras casas viu como as *bombillas* que colocaran xa facía case un mes os da compañía eléctrica alumeaban por primeira vez. A xente toda estaba fora das casas. Algúns berraban un pouco entolecidos ¡*Viu a luz!*, ¡*viu a luz!*, e os rapaces contaxiados pola tolemia popular que trouxera a luz eléctrica, corrían, e pegábanse, e xogaban dando voltas nunha noite artificial que recen descubrían. Ata ese día so se podía xogar na aira nas noites longas do verán ou nas que alumaba o luar.

O Segundo atopou a nai sentadiña cas outras veciñas na *Pedra do mel*. Era unha pedra tan pulidiña e tan ben postiña cara o sol que polo día todos ían ela como as abellas van o mel, e quedaban alí, coma pegados, escoitando e contando. Como no pobo non había praza, a xente xuntábase alí e votaba contos e máis contos ata que o frío ou a fame lles berraba que foran para casa.

Pero esa noite a xente esqueceu o frío, e a fame, e ata de ordeñar as vacas, porque vira a luz, e ou pobo enteiro era unha festa.

Din os vellos coma o meu pai que cando viu a luz, acabáronse as bruxas. E pode que algo de razón leven.

Ó Segundo gustáballe escoitar as historias da guerra, os contos do Piloto, que andaba polas ribeiras de Chantada escapando da *Guardia Civil*, ou as da Santa Compañía (esas eran as que máis...) que lles aparecía de cando en cando ós veciños.

Na lareira da casa do meu pai sempre había madeira abondo para quentarse, e os veciños viñan, frotaban as mans riba do lume e por non quedar calados, falaban.

“Disque o Suso cando era mozo, andaba tolo cunha rapaza moi xeitosa de Espiñeira. Os días de feira en Chantada, acompañábaa á casa e os case sete quilómetros que facían xuntos se lle pasaban nun suspiro. Falaban e rían. Rían e falaban. Cando chegaban a casa da moza, a nai, que viñera todo o camiño tras deles, entraba na cociña e o Suso aproveitaba entón para darlle un biquiño a Esther na meixela. Ela ríalle a graza, e o Suso volvía os sete quilómetros polo monte sen tócalo chan.

Unha día na feira mentres negociaba un polo, viu a Esther falando cun tipo louro e alto. Guapo, o cabrón. Cando xa ía sendo tempo de ir para casa, foi buscala, como xa fixera durante todo o verán. Pero a Esther xa non estaba. Buscouna moito. Pero voltou só.

Na seguinte feira o Suso viuna marchando co Louro polo camiño arriba. Era case outono, e o monte xa amarelaba coa chegada dós primeiros fríos.

Como a xente fala, soubo que o Louro era de Chantada, fillo do tratante, e que andaba tras da Esther dende facía un tempo. Sabelo roíalle a alma.

Encontráronse varias veces noutras, e tempo tivo o Suso para ver que o Louro era máis guapo, máis alto e tiña máis cartos ca el. Pero o cabrón non era máis listo co Suso, *¡non ohm non!.. ¡O Suso, era moito Suso de Dios!*.

O día antes da feira foi a horta e colleu unha cabaza. A máis grande que viu. *Ía ver o mixiricas ese con quén se estaba metendo*. Pasou dúas horas baleirándoa e furándoa. Escondeuna ben non carro dos polos e durmiu como un santiño toda a noite.

A feira en Chantada pasou coma outra calquera. Para cando recolleron, xa ía algo de frío. O Suso non lle perdía detalle á Esther e por fin chegou o Louro, coma sempre, para acompañala. En canto se foron, o Suso despediuse rápido, e colleu sen que ninguén o vira a cabaza e un facho de herba seca.

Marchou polo monte arriba. Era novembro e as sete xa era noite. O Suso escolleu un souto ben pecho onde xa non se vía. Colocou a cabaza nunha rama baixa, meteulle o facho dentro e esperou fumando un cigarro.

Xa levaba seis ou sete cando viu ó lonxe a chamiña dun acendedor. Apagou o cigarro e esperou. Tiña que ser o Louro que volvía de onde a Esther. Cando xa estaba preto o Suso moveu unhas ramas, e escoitou como o seu remexer paralizaba as pegadas do Louro, que ficou quedo un anaquiño. Cando por fin se decidiu a volver dar un paso, o Suso deulle á rama outra vez. E logo outra e outra máis. Seguro do medo que tiña que ter xa o seu adversario, o Suso comezou a ruxir coma un tolo e predeulle lume o facho dá cabaza que pronto pareceu un demo en chamas.

O pobre do Louro, co corazón latexando a mil, levantou a vista e viu nun alto uns ollos de fogo que miraban para él, mentres soaba unha voz coma a do mismíño inferno. *¡¡¡Corría!!!! ¡¡¡¡Como corría o Louro carallo!!!* Rezaba e corría, corría e rezaba e non parou ata que chegou a Chantada. E o Suso, ría, ¡cómo ría!...Primeiro para dentro, mentres escoitaba o Louro afastarse polo monte, e logo para fora, cando xa voltando a casa, imaxinaba o medo que tiña que levar o outro non corpo. *A éste, acabáronselle os paseos polo monte*, pensaba o Suso, que camiñaba e ría, e ría e camiñaba, e os sete quilómetros se lle facían máis levadeiros.

A lareira enteira escachaba coa risa. Era moi importante contar bos contos daquelas. Gañabas o respecto do público, e igual tamén unha cunca de viño. Que prestaba moito. O Segundo ría como o que máis, co buche cheo de bóla de millo, e a alma, de historias de namorados e Santas Compañas.

A xente pouco a pouco foi marchando. O día seguinte, como tódolos días había que ordeñalas vacas ben cedo. O Segundo mexou na cuadra e marchou para o seu cuarto. Cando chegou, unha luz marela alumeaba non medio da habitación. A *bombilla* cos seus fiños pequechos dáballe ó cuarto un aspecto estrano. Era a primeira vez que non tiña que lévalo candil canda el.

Quitou a roupa. Separou as sabanas da cama. Colleu unha cadeira e subiu a ela para achegarse a *bombilla*. Púxose no bico dos pés e soprou:

E logo, ¿como se apaga isto?.